



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

NÚMERO 7/17
ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE XUULLO DE 2017.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e sete de xullo de dous mil dezasete, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Boloño Fariñas, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a María Pardo Fafián, D^a María del Carmen Pose Varela, D^a. Isabel Reimúndez Suárez, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luis Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistentes pola Secretaría Accidental da Corporación, D^a. Belén Novo Reimúndez. Non asiste o sr. D. Ramón Rodríguez Ares, sen excusar a asistencia. Está presente a sra Interventora Accidental D^a. María Jesús Ramos Esperante. -

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Modificación de crédito 29/2017. Crédito extraordinario 02/2017: Préstamo POS+2017.-

O sr Alcalde informa que esta e máis a seguinte modificación trátanse de dous proxectos aprobados no Pleno de febreiro con cargo 6 POS+2017; este correspondente á adquisición dun camión de saneamento e a seguinte á substitución de redes de pluviais, saneamento e abastecemento de auga, na Praña do Conde, con pavimentación posterior para adaptalo á normativa de accesibilidade e darlle continuidade ós espazos entre a Tenencia e Linares Rivas. Informa tamén que se trata dunha xeración de crédito cun préstamo da Deputación.

O sr López, do grupo PP, adianta que o voto dos seu grupo será a abstención xa que a pesares de estar dacordo na adquisición de material novo e mellor para o persoal e os empregados do Concello, non o están coa modalidade da adquisición, xa que en vez de compra, eles avogan máis polo sistema de renting.

De conformidade co ditame da Comisión acóidase por maioría, con nove votos a favor e sete abstencións:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 29/2017, na modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo á operación de préstamo concedida pola Deputación Provincial dentro do POS+ 2017, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións e conceptos que se detallan a continuación por un importe global de 240.000,16.- euros segundo o seguinte detalle:

Estado de Gastos		
Aplicación	Denominación	Importe
1532.61900	Pavimentación de vías públicas. Inversión de reposición	120000,26
160.62400	Sumidoiros. Elementos de transporte	120000
Total		240000,26
Estado de Ingresos		
Concepto	Denominación	Importe
91100	Préstamos recibidos a L/P entres sector público	240000,26
Total		240000,26

2º.- Expoñer ao público o expediente mediante anuncio no Boletín oficial da provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello por prazo de quince días hábiles para presentación de reclamacións conforme ao disposto nos artigos 177 e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, considerándose aprobado definitivamente no caso de non presentarse reclamacións durante dito período de exposición pública.-

2º.- Modificación de crédito 31/2017. Crédito extraordinario 03/2017.-

O sr Alcalde explica que se trata dunha actuación na zona de Cantalarrana nas rías de Cambre, Culleredo e Abegondo e na Avda da Coruña e unha recollida de pluviais na estrada da Deputación que vai desde Sada a Espírito Santo. Ademáis, aproveitando a separación das redes de saneamento e pluviais na Rúa Culleredo recolleráanse as pluviais nun tanque de tormentas deseñado entre a parcela de equipamento deportivo e o vial que vai ó campo de fútbol e se deixarán pasadas todas as tuberías das canalizacións pertinentes para a eliminación de todo o cableado aéreo e que poídan proceder as empresas subministradoras ó seu soterramento, de xeito que unha zona considerada como degradada pase a ser apetecible e moi mellorada, para o que se utilizará o remanente de tesourería xerado nos últimos anos.

O sr Anido, do Grupo PP, fai mención ós antecedentes deste proxecto, dicindo que o proxecto actual non se corresponde co prantexado en novembro do ano pasado na Deputación, cun proxecto redactado polo Servizo Técnico de Urbanismo do Concello, de actuacións para defender os riscos de inundación en Sada, entregado ó Presidente da Deputación, a cal aportaría unha axuda de 150.000 euros ó proxecto valorado en 287.000 euros aproximadamente. Continua dicindo o sr Anido que o importe das actuacións se disparou, ascendendo o presuposto actual a 662.531,14 euros, cun proxecto realizado cunha empresa externa do que non hai ningún



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

informe que o valide por parte do Concello, de xeito que pode haber erros que o invaliden, coma a instalación do tanque de tormentas ou arqueta ou pozo de bombeo nunha parcela destinada a uso de equipamento deportivo según a Ordenanza Urbanística Provisional, prohibida expresamente no Plan Xeral. O sr Añido di que están a favor de beneficiar ós veciños das rías das actuacións, afectados polas inundacións do pasado ano, pero non a costa de non cumprir o previsto no Plan Xeral e sen ter o proxecto informado técnicamente polo Concello, polo que o seu grupo se oporá na votación e presentarán escritos de mellora do proxecto e con proposta dos informes necesarios.

A sra Bolaño explica que ó seu parecer, no punto do orde do día de que se trata, só e necesario o informe do Interventor, xa que se está a aprobar a modificación de crédito, non o proxecto das obras.

O sr Alcalde di que consideran a obra necesaria e que a Deputación mantén o seu compromiso de aportación de 150.000 euros, mediante convenio; ademáis, no momento da presentación do proxecto inicial só ía contemplada a parte hidráulica do mesmo, e que consideraron que, unha vez postos a facer intervencións na parte interior das rías, aproveitábel e mellorar a zona que, a día de hoxe, está esquecida, para que a xente poida vivir dun xeito máis confortábel. Defende noutroza a non improvisación das actuacións, buscando a mellora da rede de pluviais e con cargo a fondos municipais porque son competencias do mesmo así como a situación do tanque de tormentas na parcela de equipamento deportivo, perfectamente compatíbel con este uso, ademáis de que Cantalarrana necesita investimento por parte do Concello para convertirla nunha zona do século vinteun e que os informes que consideran necesarios xa están pedidos ós organismos correspondentes.

De conformidade co ditame da Comisión acórdase por maioría, con nove votos a favor e sete en contra:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 31/2017, na modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento para o exercicio 2016 aprobada por Decreto de Alcaldía 887/2017 do 31 de maio, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións e conceptos que se detallan a continuación por un importe global de 662.531,14.- euros segundo o seguinte detalle:

Estado de gastos:		
Aplicación	Denominación	Importe
1532.61900	Pavimentación de vías públicas. Inversión de reposición	662531,14
Total		662531,14
Estado de ingresos:		
Concepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	662531,14
Total		662531,14

2º.- Expoñer ao público o expediente mediante anuncio no Boletín oficial da provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello por prazo de quinze días hábiles para presentación de reclamacións conforme ao disposto nos artigos 177 e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, considerándose aprobado definitivamente no caso de non presentarse reclamacións durante dito período de exposición pública.-

3º.- Modificación do Regulamento de Protección de Datos.-

O sr. Alcalde dá conta dun cambio do Regulamento de Protección de Datos do Concello de Sada publicado no BOP o 11 de maio de 2017 ante unha alegación da Axencia Galega de Protección de Datos.

O sr. López Mallo recalca que se trata dunha corrección a un erro cometido polo Concello ó non trasladar de maneira correcta o nivel de seguridade do ficheiro de Servizos de Emerxencia e Protección Civil, ó calificalo como básico, debendo ser calificado como de alta seguridade e adianta o seu voto favorable.-

De conformidade co ditame da Comisión acórdase por unanimidade:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5 do Regulamento municipal dos ficheiros de datos de carácter persoal, para adecuar o nivel de protección do ficheiro denominado “Protección civil e servizo de emerxencias” ao disposto no artigo 81.3 do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, quedando dito artigo redactado na forma seguinte:

“Artigo 5.-

... ..
Nome do ficheiro: Protección civil e servizo de emerxencias
... ..

Nivel de seguridade do ficheiro: Alto”.-

2º.- Expoñer ao público dita modificación mediante anuncios no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de trinta días, para presentación de reclamacións e suxestións polos interesados, que



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

serán resoltas pola Corporación. De non producirse reclamacións no prazo sinalado, o Regulamento modificado entenderase aprobado definitivamente.-

4º.- Exame e aprobación, se procede, do proxecto de actuacións a financiar con subvención do IDAE.-

O sr. Alcalde comunica a existencia dunha corrección de erros no decreto ó haber un cambio de cifras nos dous últimos proxectos:

- no “Proxecto de aforro e eficiencia enerxética do alumnado público das parroquias do termo municipal de Sada cun orzamento total de 471.764,59.- euros “ debe dicir “Proxecto de aforro e eficiencia enerxética nas parroquias do termo municipal de Sada cun orzamento total de 450.162,14.- euros“.

-no “Proxecto de aforro e eficiencia enerxética do alumnado público do casco urbano de Sada cun orzamento total de 237.780,54.- euros” debe dicir “ “Proxecto de aforro e eficiencia enerxética no casco urbano de Sada cun orzamento total de 259.382,99 euros”.

Informa o sr Alcalde que a suma dos dous proxectos de mellora do alumneado público e dos cadros eléctricos do casco urbano e das parroquias suman un total de 709.000 euros, e houbo esta discrepancia porque se incluíu unha parte das luminarias dentro do casco urbano que nun principio estaban nas parroquias. Continua dicindo o sr Alcalde que estes proxectos van supor un aforro dun 77% das emisións de CO2 dentro da zona de actuación e, xunto cos outros tres miran cara ó futuro.

O sr. Anido comunica o desacordo do seu grupo a esta proposta, que considerara unha “improvisación”, pola falta de documentación, firmas e informes por parte da Administración no expediente, a pesares de si estar de acordo co fondo das propostas. Pregunta o sr. Anido ó sr Alcalde por que hai unha aprobación só para tres dos cinco proxectos presentados e, ademáis, nos outros dous proxectos non figura nin o nome do Técnico Municipal do Concello.

O sr. Alcalde resposta dicindo que, nun exemplo de transparencia, o Goberno decidiu traer ó Pleno esta fase da solicitude de subvención do IDAE, que non é, por lei, estritamente obrigatorio, pero que consideraron oportuno que tanto a cidadanía como a oposición tiveran acceso á toda a información desta subvención dende a páxina web. Explica o sr. Alcalde o retraso na entrega da documentación por mor do axuste dos mesmos ó formato exigido pola Deputación.

O sr. Anido di ó sr. Alcalde que este non trata ó seu grupo como ós demais da oposición, xa que non lles fan partícipes das cuestións importantes do concello, así como non os ten en conta á hora de propoñer novas cuestións.

Efectuada a votación, resulta aprobada por maioría, con oito votos a favor e sete en contra, o programa de actuación para a solicitude de subvención efectuada pola Alcaldía para realizar diversas actuacións susceptibles de obter as subvencións contempladas no Real decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, publicado no Boletín Oficial do Estado n.º 144 de data 17/06/2017, por coincidir cos obxectivos específicos contemplados no mesmo, que a continuación se relacionan:

- Cambio da climatizadora na piscina municipal por outra con recuperador de calor, para redución de consumo de gasóleo, cun orzamento total de 72.072,90.- euros.-
- Cambio de fiestras no colexio de Mondego por outras de dobre cristal con maior illamento térmico, para redución de consumo de gasóleo e mellora da envolvente térmica, cun orzamento total de 160.787,85.- euros.-
- Subministro e instalación de días bombas de calor na Casa da Cultura (auditorio e biblioteca) para redución de consumo de gasóleo, cun orzamento total 57.868,01.- euros.-
- Proxecto de aforro e eficiencia enerxética no alumnado público do casco urbano de Sada cun orzamento total de 259.382,99.- euros.-
- Proxecto de aforro e eficiencia enerxética do alumnado público das parroquias do termo municipal de Sada cun orzamento total de 450.162,14.- euros.-

Control de Órganos de Goberno:

5º.- Informes e comunicacións.-

- Dáse conta ao Pleno dunha solicitude feita por unanimidade para solicitar unha entrevista á conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio coa que se estableceu un principio de acordo para tomar e dar solucións ó problema das inundacións en Sada.-

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 26-6-2017 ó 20-7-2017.-

6º.- Mocions.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, presentáanse as seguintes mocions de urxencia.-



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

6.1.- e a prol do ensino público.-

Moción do grupo Sadamaioría contra o peche de centros educativos no país

O sr. Montouto xustifica a urxencia da proposta en que últimamente se ve que o compromiso que deben ter as Administracións Públicas coa educación pública conciliábase en aras de políticas que dan as costas ao ensino: redución de especialistas, recortes de materiais, de persoal, peches de centros de xeito unilateral e sen diállogo cos axentes implicados, que asemade de ser un problema educativo, tamén o é social xa que dende o Goberno do PP se toman medidas que provocan desarraigos sociais ó eliminar os poucos servizos que se lle ofrecen á poboación e, por extensión, a tódolos demais servizos.-

Efectuada a votación, resulta aprobada por unanimidade a declaración de urxencia da moción, expoñendo acto seguido o sr. Montouto o contido da mesma, dicindo que o día anterior á finalización do curso escolar, a Xunta de Galicia informou ós centros educativos Monte Caxado de As Pontes, Ribeira en Porriño e Emilio Navasques de Outes do seu peche inmediato e ó Tomás de Lemos de Ribadavia o peche da ESO coa finalidade de dito anuncio, un día antes de rematar as clases, de minimizar a capacidade de reacción das comunidades educativas, con nocturnidade e alevosía, sen existir ningunha razón obxectiva que avalen estes peches, máis que unha aposta polo desmantelamento da escola pública e con moitos damnificados: os nenos e nenas deses concellos e as súas familias, cun cambio obrigado do centro de estudos e o profesorado e, sobre todo, a escola pública, xa que o actual goberno da dereita aposta por unha educación concentrada que vai medrando cos presupostos nelas investidos ó tempo que mingua o seu coitado da escola pública -

O sr. Becerra manifesta o voto favorable do seu grupo político a esta moción e dirixése ó grupo popular dicindo que con estas actuacións do Goberno da Xunta de Galicia e do Estado, están a destruír un dos piares básicos do Estado de Dereito que é a educación, e que están a suprimir medios onde os deberían investir e que eles van continuar loitando polos dereitos de educación de calquera persoa.

A sra. Bolaño anuncia o seu voto a favor desta moción e engade ó exposto anteriormente a cobardía da Consellería ó actuar con nocturnidade e alevosía ó facer o anuncio ó rematar o curso escolar, para evitar as mobilizacións e reaccións da comunidade escolar sumado ó arrepío polo público. Continua dicindo que un destes centros, alomenos, é un centro de referencia, onde o alumnado con diferentes problemáticas o ten como destino, con persoal específico e que agora non se sabe que vai ser deles. Continua dicindo que non poden valorar o aforro na educación en cuestións de cifras, xa que o investimento en educación é un investimento para o futuro. Insta ó partido Popular a que se desmarquen das filas do seu partido votando a favor desta moción.

A sra. Salorio di que é falso que se pechen os centros de As Pontes, Ribadavia e O Porriño, xa que o que se fixo foi unha reestruturación de carácter administrativo, polo que os alumnos de Infantil e Primaria continuarán nos mesmos edificios, mentres que os alumnos de Secundaria pasarán a escolarizarse no Instituto próximo, nalgún caso colindante e totalmente pegado ó anterior, igual que se fixo hai dezaoito anos no colexio de Mondego, así como hai dez anos no Instituto Mosteirón, onde os rapaces pasaron a estudar o instituto no Isaac Díaz Pardo, sen provocarse daquela manifestacións nin alborotos. O único caso que un edificio deixa de funcionar con fins educativos é o de Outes, xa que somentes tiña sesenta e sete alumnos matriculados, os cales terán que desprazarse o próximo curso tres kilómetros e medio a outro CEIP do mesmo concello, con autobús escolar gratuito habilitado pola Consellería, de xeito que onde había dous colexios de liña un pasará a haber un de liña dous, con servizo gratuito de autobús, ademais de que os vintetres nenos de diferentes idades de infantil que estaban nunha única aula, pasarán no novo centro a seis aulas de infantil, dous por curso, ademais de que a Consellería investirá este veráñ cincocentos corenta mil euros na mellora enerxética do edificio. Continua dicindo que a reorganización escolar diseñaouse atendendo a propiedades xeográficas e demográficas existentes e á xestión eficiente dos recursos públicos, coa premisa sempre de mellorar a calidade educativa , con máis itinerarios formativos, proxectos de innovación educativa e máis materias de libre configuración, sempre nun IES moi preto e con dispoñibilidade e capacidade do novo centro de aceptar e acomodar ós novos alumnos, estando a Consellería de Educación aberta a cantas consultas ou dúbidas poida haber respecto a estas reorganizacións. Adianta a sra. Salorio o voto en contra do seu grupo por considerar a moción sen razón de ser nin fundamento.

O sr. Becerra lembra á sra. Salorio que no mandato anterior, estando ela de Concelleira de Educación neste concello, o BNG trouxo unha proposta de poñer un autobús ós rapaces para o traslado da prestación do servizo ós alumnos do colexio de Sada e Contornos ó Albergue de Gandarío ó que votou en contra. Considera ademais que non se pode cuantificar o valor da educación, xa que este é “incuantificable”.

A sra. Bolaño facendo referencia á xustificación da sra. Salorio do peche do colexio de Outes pola baixa cifra de alumnos matriculados nel, pregunta se entón o seu grupo estaría dacordo co peche de varios centros educativos en Sada atendendo á cifra de matriculados neles, limitando así a oferta educativa e a capacidade de decisión do proxecto educativo axeitado para cada familia, sendo isto incuantificable.



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

O sr. Montouto fai referencia ó número de alumnos matriculados na escola unitaria de Camoedo, moi inferior ó do colexio de Outes, polo que, polo mesmo criterio, a sra. Salorio estaría a favor do seu peche.

A sra. Salorio resposta ás cuestións anteriores dicindo que cando se deu traslado ós rapaces do colexio de Sada e Contornos, a distancia de desprazamento dos mesmos era moi inferior á que existe hoxe para o traslado dos alumnos de Outes ó novo centro; por outra banda, considera que o colexio de Camoedo está considerado como rural, polo que a ratio é moito máis pequena que a considerada para Outes, sendo este límite de oito alumnos por aula. Continúa dicindo a sra. Salorio que no colexio de Mosteirón tiñan graves problemas para escoller as optativas por falta de alumnado, quedando isto solucionado ó xuntar os rapaces do Mosteirón cos do Isaac Díaz Pardo. Alude ós motivos expostos polo concelleiro no pleno do Parlamento á explicación de por que non se comunicaron antes de fin de curso os cambios aludidos e que foi para evitar o agobio dos rapaces e pais en época de exames. Termina dicindo que as aulas coa nova reestruturación non quedarán saturadas, manténdose os alumnos dentro dos límites establecidos de 25-30 alumnos.

A sra. Bolaño pregunta á sra. Salorio si consideran sostible e produtivo aulas de trinta alumnos cun único mestre e retirando máis da metade dos profesores de apoio.

O sr. Montouto expón que, se a Xunta de Galicia era consciente, con antelación destes centros de ensinanzas, trátase dunha oferta na oferta de matriculación e unha vulneración dos dereitos laborais do profesorado que alí imparten as ensinanzas e pide explicacións públicas e respecto, tacto e sensibilidade por parte da consellaría para as familias, o alumnado e o profesorado dos centros en cuestión.

A sra. Salorio defende a súa postura fronte á importancia da educación, como se reflexou na ampliación de Sada e Contornos que levou a cabo no seu momento, ademáis de que recentemente a Xunta de Galicia sacou a convocatoria de oferta de prazas de educación máis ampla, co que amósase o interese pola educación do Goberno actual.

O sr. Alcalde informa que desde este goberno seguirán a apostar pola educación pública e que non lembra en toda a lexislatura actual ningún voto a favor por parte do grupo popular referentes a propostas de mellora en centros educativos

Efectuada votación, resulta aprobado con nove votos a favor e sete en contra o seguinte acordo:

1º.-Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a que revogue o peche dos centros educativos CPI Tomás de Lemos de Ribadavia, CPI Monte Caxado en As Pontes, CPI da Ribeira en Porriño e CEIP Emilio Navasqües en Outes.-

2º.- Manifestar a nosa solidariedade cos centros afectados, as persoas traballadoras dos mesmos e as súas comunidades educativas, que están a mobilizarse de xeito exemplar.-

3º.- Manifestar o noso compromiso cunha educación pública de calidade, que debe ser a principal prioridade de calquera administración pública responsable.-

6.2.- Moción do grupo BNG para esixir a activación do ERMMS que, catro anos despois do accidente de Angrois, non está operativo.-

A sra. Reimúndez xustifica a urxencia da moción en que o pasado 24 de xullo cumpríronse catro anos dende o accidente de Angrois e dende entón, tanto asociacións de vítimas como particulares, solicitaronlle a ADIF e a RENFE a revisión do sistema ferroviario e a día de hoxe seguen sen implantar o sistema ERMMS moitas veces anunciado.-

Efectuada votación, resulta aprobada por unanimidade a declaración de urxencia da moción, expoñendo acto seguido o contido da mesma a sra. Reimúndez, no sentido de que, segundo os autos de dous xuíces e o informe dun perito xudicial, o accidente poderíase ter evitado de ter empregado en todo o trazado Ourense-Santiago o sistema ERMMS en vez do ASFA.

A sra. Pose explica que considera extemporánea esta moción, xa que na actualidade está en execución a instalación do sistema ERMMS, estando aínda dentro dos prazos de comprobación e execución establecidos para elo, polo que, considera que a moción debe ser retirada e, de non ser o caso, adianta a abstención do seu grupo na votación.

O sr. Becerra explica os motivos da modificación da moción: a inclusión dos apelidos do voceiro do grupo e a inclusión doutras institucións e asociacións na solicitude.

A sra. Reimúndez expresa a súa sorpresa ó escoitar falar de “redes ferroviarias seguras” e buscan medidas reais de mellora do sistema, non soamente “parches”.

O sr. Gómez propón á sra. Pose que traian unha moción ó Pleno para apoiar ás vítimas do accidente e que se abra unha Comisión de Investigación no Parlamento Galego e no estatal.



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

A sra.

Pose asegura a mellora da seguridade no sistema ferroviario dende hai catro anos, coa instalación de balizas de freado que se activan se o maquinista non o fai e que non teñen que ver con sistema ERTMS, que é de homologación co sistema ferroviario europeo, que hai que facelo para mellorar a conectividade e con iso, probablemente mellorará tamén a seguridade e mostra o favor do seu grupo da creación da día Comisión de Investigación.

O sr. Alcalde di que en calquera estado europeo a día de hoxe, catro anos despois dun accidente coma o acontecido en Angrois sen haber solucionado o problema que o provocou, é impensable

O sr. Alcalde somete a votación a moción, resultando oito votos a favor e sete abstencións e quedando adoptado, en consecuencia, o seguinte acordo:

- O Concello de Sada esixelles a Fomento, ADIF e Renfe que se executen os compromisos adquiridos para mellorar a seguranza ferroviaria coa activación do sistema ERTMS que, catro anos despois do accidente de Angrois, segue sen estar operativo.-

6.3.- Moción do grupo PP para a creación dun espazo libre no recheo realizado no entorno das Brañas e do caso urbán de Sada.-

O sr. García defende a urxencia da proposta de redacción do Plan Especial de Protección, Infraestruturas e Dotación no espazo xeral de sistemas libres SXEL-06-31 ubicado nas zonas das Brañas, contemplado no Plan Xeral, aproveitando a actuación planexada na mesma zona, no punto dous do orde do día e facer así unha reforma integral e situala-lo bombeo previsto en zona de equipamento deportivo noutra zona prevista como de equipamento e dotación.

O sr. Montouto, como voceiro do goberno, considera que hai que agardar á aprobación do Plan Xeral para a actuación plantexada, que si será unha actuación preferente no momento en que esta aprobado.

Efectuada a votación, resultando sete votos a favor e oito en contra, non se admite a urxencia da moción.

7º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Gómez pregunta ó sr Alcalde se viu a páxina web municipal dos concellos de España do 24 de agosto de 2016 referente a unha publicación dos alcaldes corruptos do Partido Popular dos concellos, ó que o sr Alcalde contesta que non.

O sr Gómez pregunta tamén ó sr Tenreiro por que non se limpa a finca lindante co Cemiterio Municipal ó que responde o sr. Montouto que actualmente están a falar cos donos das dúas fincas colindantes e que unha delas está en concurso de acredores e que se lles notificará polo procedemento habitual para que procedan á limpeza das súas fincas.

O sr. Gómez pregunta ó sr. Alcalde sobre dúas preguntas formuladas por el no Pleno do 27 de abril de 2017 e das que aínda non ten resposta, referente unha delas á labor que fixo o arquitecto de Madrid que ten a factura pendente e outra referente a quenes foron os responsábeis de tapar o Río Riovaio, con nomes e apelidos.

O sr. Gómez fai outra pregunta ó sr. Alcalde sobre se poden circular os cuatriciclos sobre o carril bici recién construído, e informa de que isto non o poden facer, xa que no RD 339/1990 que desarrolla a Lei de Tráfico, se establece que nos carrís bici circulan exclusivamente bicicletas e persoas de mobilidade reducida.

Pregunta tamén o sr. Gómez ó sr. Alcalde se se extinguiu o dereito de superficie do Hotel Sada Marina ó que responde o sr. Alcalde que non, ó que argumenta o sr. Gómez que pensa que si rematou, xa que no Prego de Condicións, no punto décimo, se di que o dereito de superficie se escindiría por manterse pechado ó público o establecemento por un tempo de tres anos, tempo que se superou amplamente.

Outra pregunta do sr. Gómez ó sr. Alcalde sobre cando lle vai contestar por escrito sobre a desaparición do expediente de contratación do arquitecto Corredoira ó que o sr. Alcalde di que lle contestará por escrito.

A sra. Pose pregunta se se ten coñecemento da existencia de vehículos estacionados durante varios días na explanada do porto con carteis de venta ó que responde a sra. Reimúndez que xa se decatara diso e que informou ó xefe da Policía Local.

O sr. García ten un prego para o sr. Alcalde para que se redacte canto antes o Plan Especial de Protección de Infraestruturas do terreo exposto na moción anterior do seu grupo, sen esperar ó Plan Xeral que pensa que inda lle quedan meses de traballo ó que responde o sr. Montouto que non teñen constancia de correccións pendentes no Plan Xeral por parte da Xunta de Galicia, polo que seguirán coa tramitación establecida no mesmo.

A sra. García pregunta sobre o estado de tramitación da cesión dos terreos correspondentes ó Plan de Seguridade Viaria da Xunta de Galicia 2016-2020, e dentro del o Programa de Execución de sendas peatonais e ciclistas nas estradas de titularidade autonómica para o fomento do uso de transportes non contaminantes e a protección dos usuarios mais vulnerábeis destas estradas, onde se identificou como tramo prioritario o da estrada AC-163 de Fontán ó que contesta o sr. Alcalde que están a rematar as últimas cesións pendentes cos propietarios ademais de informar dun modificado do proxecto referente a substitución da tubería de auga de urallita, que vén



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

tendo moitos problemas de rotura nos últimos anos. A sra. García apremia á súa presentación inmediata para o cumprimento dos prazos establecidos e evitar a perda dos fondos destinados para isto da Xunta de Galicia.

O sr. Tellado fai referencia a un rogo formulado por el no Pleno do pasado 29 de xuño, sobre a investigación da condena polo TSXG no recurso 4282/2015 ó concello por inactividade e pregunta por que o Técnico de Administración Xeral do Concello non emitiu un informe inmediato tras o correspondente do arquitecto técnico

municipal de data 24 de abril do 2014, quen era o TAX nesa data, quen facilita ó avogado municipal en pleitos a documentación necesaria para a defensa dos intereses municipais e quen era o Xefe Servizos de Urbanismo en xuño do 2015 e reitera a solicitude de investigación dos feitos para depurar responsabilidades en defensa dos intereses xerais dos veciños.

O sr. Tellado ten outra pregunta referente ós custes de demolición das obras realizadas sen licenza na vivenda unifamiliar en Souto, nº 31, sobre se o equipo de goberno iniciou algún expediente para resituir o importe da demolición ás arcas municipais e para a depuración de posibles responsabilidades, ó que o sr. Alcalde contesta que lle contestará por escrito.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás dez horas e dous minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, a Secretaría Accidental, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por esta Secretaría Accidental que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-